

14/226 RECTIFICACIÓN DE ACORDO CO DISPOSTO NO ARTIGO 109.2 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DE PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, DO ERRO MATERIAL E MANIFESTO EXISTENTE NO ACORDO 9/302 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO 2024.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa da Sección de Organización e Recursos humanos, do 9 de xuño de 2025, conformada pola tenenta de alcaldesa da Área de Cohesión Territorial, en substitución do tenente de alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Con data 10 de xuño de 2024 celebrouse mesa xeral de negociación para abordar o estudo e aprobación da oferta de emprego público do Excmo. Concello de Lugo correspondente ao ano 2024. Na devandita mesa acordouse e aprobouse a oferta de emprego sinalada na que se incluíron 4 prazas no Servizo de Seguridade coa categoría de policía local segundo o resultado da taxa de reposición de efectivos seguinte:

- 4 prazas de policía local (3x1,25=3,75); sector prioritario non computable na TRE (taxa de reposición de efectivos).

Con motivo da publicación das prazas por parte da Academia Galega de Seguridade Pública, a AGASP comunícalle por vía telefónica ao Servizo de Persoal que se detectou erro na oferta de emprego de 2024 procedente do Concello de Lugo sinalando que non se recolle nas prazas ofertadas as que a lexislación vixente establece de forma obrigatoria para a quenda de mobilidade.

Por parte do Servizo de Persoal procede a revisarse o expediente detectando que a proposta realizada efectivamente non recolle as prazas correspondentes á quenda de mobilidade, sendo que do resultado da aplicación da taxa de reposición de efectivos e a lexislación vixente das 4 prazas ofertadas 3 correspóndense coa quenda libre (oposición) e 1 coa quenda de mobilidade (concurso), **non sendo detectado tal erro na mesa negociadora por parte nin dos representantes sindicais nin por parte da Administración**, establecéndose no documento aprobado no documento anexo I o seguinte:

Nº	SERVIZO	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Cód. RPT	POSTO	OBSERV.	PROCESO
4	SERVIZO DE SEGURIDADE	A,E,B,	S.E.P.L.	C1	11/266	Policía Local		OPOSICIÓN

Sendo que das 4 prazas convocadas, unha delas corresponderíalle legalmente de forma obrigatoria á quenda de mobilidade mediante concurso en virtude do disposto no artigo 43 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, para a comunidade autónoma de Galicia cun mínimo obrigatorio do 25% para a súa cobertura por mobilidade.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5041750759135640503.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-6-2025

A facultade atribuída polo artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas á Administración para rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos require, pola súa propia natureza, unha interpretación restritiva que impide a corrección de erros xurídicos e que ha de limitarse aos supostos en que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por si mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo, o que exclúe os xuízos valorativos, pois nestes casos será preciso recorrer aos específicos procedementos de revogación (STS do 3 de outubro de 2000, STS 31 de outubro de 2000 e STS do 29 de setembro de 2011).

Sendo un erro totalmente involuntario que non foi detectado no seu momento por parte da representación sindical nin pola Administración e, tras a comprobación do cumprimento dos aspectos relacionados anteriormente, considerando que cumpre os parámetros para a aplicación do artigo 109.2 da Lei 30/95, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede a emenda deste en tanto se establece legalmente como obrigatorio a oferta de prazas pola quenda de mobilidade cun mínimo do 25%."

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Rectificar de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o erro material e manifesto existente no Acordo 9/302 da Xunta de Goberno correspondente á oferta de emprego público de 2024, na sesión celebrada o 26 de xuño de 2024, de xeito que a oferta de emprego público para o ano 2024 e o anexo I correspondente ás prazas ofertadas debe quedar como segue:

PRAZAS POR PROMOCIÓN INTERNA:

Nº	SERVIZO	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Cód. RPT	POSTO	PROCESO
1	ASESORÍA XURÍDICA	A.X.	XES.	A2	03/141	Técnico/a medio xestión	CONCURSO OPOSICIÓN
1	CULTURA, TURISMO E PROM. DA LINGUA	A.E.	S.E.	C2	51/101	Oficial maquinista fontaneiro/a	CONCURSO OPOSICIÓN
1	MOBILIDADE URBANA / SANCIONS	A.X.	ADM	C1	12/20	Administrativo/a	CONCURSO OPOSICIÓN
1	NOTIFICADORES	A.X.	ADM	C1	0201/20	Administrativo/a	CONCURSO OPOSICIÓN
1	SECRETARÍA XERAL	A.X.	AUX.	C2	02/32	Auxiliar administrativo/a	CONCURSO OPOSICIÓN
1	AUGAS	A.X.	AUX.	C2	66/32/2	Auxiliar administrativo/a	CONCURSO OPOSICIÓN
1	BENESTAR SOCIAL	A.X.	AUX.	C2	41/32/1	Auxiliar administrativo/a	CONCURSO OPOSICIÓN

Total: 7 prazas por promoción interna.

PRAZAS POR OPOSICIÓN LIBRE:

Total: 26 prazas por oposición libre, das cales 3 están reservadas a persoas con discapacidade e unha delas a persoas con discapacidade intelectual:

Nº	SERVIZO	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Cód. RPT	POSTO	OBSERV.	PROCESO
1	PARQUES E XARDÍNS	A.E.	S.E.	A.P	2501/43/1	Operario/a xardíns	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	PARQUES E XARDÍNS	A.E.	S.E.	A.P	2501/43/2	Operario/a xardíns	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	FACENDA LOCAL	A.X.	AUX.	C2	65/32/2	Auxiliar administrativo/a	Compromiso 2024	OPOSICIÓN RESERVA DISCAPACIDADE
1	PARQUE MÓBIL	A.E.	S.E.	C2	0901/140/2	Oficial condutor/a mecánico/a	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	MEDIO RURAL	A.E.	S.E.	A.P	3201/44/7	Operario/a zona rural	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	UXÍO NOVONEYRA	A.E.	TEC.	A2	4101/93/6	Traballador/a social	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	MERCADOS	A.E.	S.E.	C2	720301/159/1	Vixilante recadador/a	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	BIBLIOTECA	A.E.	TEC.	C2	5102/234/2	Auxiliar de Biblioteca	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	FACENDA LOCAL	A.X.	AUX.	C2	65/32/4	Auxiliar administrativo/a	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	CEIP AS MERCEDES	A.E.	S. E.	A.P	0802/39/8	Celador/a CEIP	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	MEDIO RURAL	A.E.	TEC.	A2	32/18	Enxeñeiro/a técn. agrícola	Compromiso 2024	OPOSICIÓN
1	ELECTROMECAÑICOS	A.E.	TEC.	C2	3103/116/2	Mestre/a electricista		OPOSICIÓN
1	DESENVOLVEMENTO LOCAL	A.X.	SUB.	A.P	67/41	Ordenanza		OPOSICIÓN
1	INFORMÁTICA	A.E.	TEC.	B	71/218/2	Técnico/a especialista TIC		OPOSICIÓN
1	C. C. AQUILINO IGLESIAS ALVARÍO	A.X.	AUX.	C2	4101/32/3	Auxiliar administrativo/a		OPOSICIÓN
1	AUGAS	A.X.	AUX.	C2	66/32/1	Auxiliar administrativo/a		OPOSICIÓN RESERVA DISCAPACIDADE
1	MEDIO AMBIENTE	A.X.	AUX.	C2	25/32/1	Auxiliar administrativo/a		OPOSICIÓN
1	ELECTROMECAÑICOS	A. E.	TEC.	C2	3103/117/3	Oficial electricista		OPOSICIÓN
1	BRIGADA VÍAS E OBRAS	A. E.	S. E.	AP	3104/44/4	Operario /a		OPOSICIÓN
1	C. C. MARÍA BALTEIRA	A. X.	SUB.	AP	4101/41/6	Ordenanza		OPOSICIÓN RESERVA DISCAPACIDADE INTELLECTUAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5041750759135640503.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-6-2025

3	SERVIZO DE SEGURIDADE	A,E,B,	S.E.P.L.	C1	11/266	Policía local	Quenda libre	OPOSICIÓN
1	SERVIZO DE SEGURIDADE	A,E,B,	S.E.P.L.	C1	11/266	Policía local	Quenda mobilidade	CONCURSO
2	BOMBEIROS	A.E.	S.E. EX. IN.	C2	13/35	Bombeiro/a – condutor/a	Compromiso 2024	OPOSICIÓN

SEGUNDO.- Este acordo publicarase no Portal de Transparencia, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Lugo.